

Comunicado nº 028/22
23 de Marzo de 2022



❑ **1º MASTER INTERNACIONAL DE CARCROSS:**



Hoxe no Excmo. Concello de Ourense Don Gonzalo Pérez Jácome, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Ourense, e Don Iván Corral Presidente da Federación Galega de Automobilismo pechan o acordo para que a “Subida a Castro de Beiro” sexa escenario dun gran espectáculo de Automobilismo coa celebración do **“1º MASTER INTERNACIONAL DE CARCROSS EXCMO. CONCELLO DE OURENSE”**.

Os vindeiros 5 e 6 de Novembro do 2022 farase o Master polo que acórdase avanzar nos

preparativos que se desenvolverán nunhas datas moi especiais nas que Ourense capital celebra as “Festas do San Martiño 2022”. Será un novo aliciente para a festividade, e un gran espectáculo deportivo que contará con deportistas de alto nivel.

A proba está organizada pola Federación Galega de Automobilismo, coa colaboración de Escudería Ourense, e a colaboración do Excmo. Concello de Ourense. Reunirá na cidade unha selección dos constructores a nivel mundial (Copa de Marcas Constructoras), que competirán entre elas, xa que a competición ten unha dobre vertente clasificativa de marcas (Internacional) e de pilotos.

A proba traerá a cidade unha modalidade deportiva ascendente e moi espectacular, e na que Galicia conta cun especial potencial ó ser sede de tres empresas constructoras de prestixio a nivel mundial. Entre o atractivo e aliciente estará tamén unha importante dotación presupostaria para premios en metálico tanto para pilotos como constructores, co fin de incentivar unha numerosa participación.

O Concello mantén con este evento a súa aposta por potenciar Ourense como escenario de actividades deportivas, singularmente no eido do automobilismo, que achegan á cidade a un grande número de persoas, entre a organización, equipos participantes e o público que ven presenciais, ao tempo que contribúen á promoción da cidade e dotan dun magnífico espectáculo deportivo a todos os ourensáns, dándolle neste caso un atractivo engadido ao calendario festivo da cidade.

Neste senso, o Alcalde ven de pechar un acordo coa organización do Rallye de Ourense 2022 para que o tramo espectáculo da emblemática proba ourensá se desenvolva por primeira vez no centro da cidade. Será o 17 de xuño, no marco das festas da cidade. No caso do carcross, o evento deportivo será os días 5 e 6 de novembro, no marco das festas do San Martiño 2022.